

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 22 de marzo de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(270).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(271).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI). EXPTE. 6749/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/02/16 e o informe de fiscalización do 18/03/16, dáse conta do informe-proposta do 17/03/16, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“O servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI) é un recurso específico da Concellería de Igualdade que propicia a atención e o coidado dos fillos e das fillas menores de doce anos para as nais que carezan de recursos económicos suficientes ou de apoio familiar. Dito servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao mundo laboral das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións. Obxectivos que se recollen nos diferentes planos de acción municipais de Igualdade aprobados polo Concello de Vigo.*

*Deste xeito, ofrécese atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corraxir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.*

*A conciliación da vida persoal, laboral e familiar, é unha necesidade fundamental para acadar a igualdade real de oportunidades en todos os eidos, xa que aínda hoxe en día permanece unha concepción social estereotipada, de que tanto as responsabilidades domésticas familiares como o traballo doméstico en xeral, debe ser desenvolvido polas mulleres. Deste xeito, e a pesares de que a muller se incorporou progresivamente ao mercado laboral como á participación social ou deporte e ocio, atópase con grandes dificultades xa que as dobres e triples xornadas convértense en habituais entre a poboación feminina, vendo reducidas as súas posibilidades e afectando directamente á súa calidade de vida.*

*En moitas familias, a nai é a persoa responsable da tarefa do coidado dos e das menores, o que supón un importante hándicap para as posibilidades de inserción social e laboral das mulleres en igualdade de condicións. Esta situación vese agravada cando se trata de mulleres soas con fillos/as a cargo, especialmente cando son mulleres vítimas de violencia de xénero. O SADI é un servizo que facilita a conciliación da vida familiar, persoal e laboral da mulleres, e como tal, a Xunta de Galicia por Resolución de data 15/11/2010, valida este recurso como medida municipal de conciliación de promoción autonómica ao abeiro do disposto no Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polas que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, que desenvolve o Título VI da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Mediante esa mesma Resolución, a Xunta de Galicia procede a anotar este recurso municipal no catálogo público de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica.*

*Este servizo ven prestándose con continuidade dende o ano 1991. Na actualidade, a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” con CIF G-36.657.336, ten adxudicado o contrato de xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI) por acordo da Xunta de Goberno Local do día 2 de setembro de 2011. A segunda prórroga que rexe actualmente o contrato finaliza o 30 de abril de 2016.*

*As concesións do servizo regúlanse no devandito prego e a valoración dos casos a fai a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, de acordo cos obxectivos do programa.*

*Como prezo de saída para o concurso de adxudicación fíxase a cantidade de 158.198,43 €/ano de contrato a razón dun prezo de 16,85€ por hora realizada. Este prezo é o que actualmente rexe o contrato vixente. O prezo do contrato por 2 anos de duración establécese pois como máximo en 316.396,86 €.*

*O gasto do contrato imputarase á partida “Sadi kanguros” 2311.2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento da concellería de Igualdade distribuído do seguinte xeito: 105.465,62€ imputaranse ao orzamento do exercicio 2016 (8 mensualidades desde maio a decembro de 2016); 158.198,43 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2017 (12 mensualidades) e*

52.732,81€ imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2018 (4 mensualidades desde xaneiro a abril), condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos futuros orzamentos.

Polo exposto neste informe e atendendo a que o actual contrato do servizo remata o 30 de abril de 2016, sen posibilidade de realizar novas prórrogas, cómpre tramitar o expediente administrativo necesario para a licitación do Concurso aberto para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia aprobando o correspondente prego de cláusulas administrativas e técnicas.

Normativa específica de aplicación:

- Lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Ao tratarse dun servizo xa establecido, que se ven prestando dende hai máis de 20 anos, consonte o artigo 3 da Lei 5/2004, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, pode continuarse coa prestación pois non imprica risco á sustentabilidade financeira da facenda municipal.

O servizo de Asesoría Xurídica Municipal emite informe de data 23/02/2016 e segundo as indicacións do mesmo este servizo xestor procede a:

1º Requirir á actual adxudicataria do servizo que amplíe a información facilitada anteriormente, solicitándolle que indiquen expresamente o convenio colectivo que están actualmente aplicando e que descompoñan os conceptos salariais e o prezo hora de dúas persoas que prestan servizo para o SADI e que no anterior escrito da adxudicataria só indicábase o salario bruto/ano.

2º Eliminar do informe técnico referencia ao convenio colectivo estatal de acción e intervención social.

En data 29/02/2016 a actual adxudicataria achega a seguinte documentación:

1º Relación do persoal do SADI coa información complementaria solicitada.

2º Comunicado dirixido á Consellería de Traballo e Benestar de data 31 de xullo de 2015 no que a actual adxudicataria solicita a inaplicación de cláusulas do convenio colectivo de acción e intervención social (descuelgue) ata o 30 de abril de 2016.

3º Acordo da xefatura territorial do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no que se acorda ordenar o rexistro e depósito no Rexistro de convenios e acordos colectivos de Traballo da Comunidade autónoma o acordo de inaplicación do convenio por parte da entidade "Mulleres Progresistas".

Documentación incorporada ao expediente no prego de prescripcóns técnicas.

*A efectos de facilitar a organización do expediente, procédese a separar do informe-proposta o prego de prescripcóns técnicas e os seus dous anexos, que se asina novamente e se incorpora en documento independente a efectos de facilitar a súa publicidade.*

*Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:*

*“Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia do Concello de Vigo.*

*Segundo: Aprobar o Prego de prescripcóns técnicas particulares redactado pola xefa do servizo de Igualdade, de data 16 de marzo de 2016.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de Contratación, de data 22 de febreiro de 2016.*

*Cuarto: Autorizar o gasto de 316.396,86 €, (a razón de 158.732,81€ /ano) que se imputará á partida “Sadi kanguros” 2311.2279902 do orzamento da concellería de Igualdade distribuído do seguinte xeito: 105.465,62 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2016; 158.198,43€ imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2017 e 52.732,81€ imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2018, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos futuros orzamentos.*

*Quinto: Abrir o procedemento de licitación dacordo coa lexislación vixente”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.